



VIGO 72

FOLGA XERAL * SETEMBRO * 1972

VIGO. UNHA CIDADE PREPARADA.

Quince días que cambiaron a historia. En setembro de 1972, nos últimos anos da ditadura franquista en España, Vigo protagonizou un acontecemento laboral, social e político que traspasaría fronteiras e abriría camiño á chegada da democracia ao país.

En setembro de 1972, a cidade parou case que por completo. Vinte cinco empresas víronse obrigadas a cesar a súa actividade, milleiros de traballadores e traballadoras secundaron o chamamento. A urbe foi sitiada polas forzas especiais da Policía, que se empregaron con dureza. Houbo despedimentos masivos, detencións e tortura, clandestinidade e exilio. Foi a maior folga acaecida en Galicia baixo o réxime de Franco, a máis duradeira, combativa e ampla das mobilizacións rexistradas en España ata entón.

Os sucesos de setembro teñen a súa orixe meses antes. O 10 de marzo de 1972, durante unha manifestación contra os despedimentos dos representantes da Comisión Obreira do estaleiro público de Bazán (Navantia), Amador Rey e Daniel Niebla foron asasinados a mans da policía franquista na tamén cidade industrial de Ferrol. A onda de indignación e solidariedade non tardou en chegar a Vigo, que se organizou e mobilizou en solidariedade cos traballadores e traballadoras e na conquista dos dereitos máis elementais, culminando nunha gran concentración na Porta do Sol o 15 de marzo.

En Ferrol acendeuse a mecha que acabaría prendendo na cidade da oliveira. Os principais sectores industriais en Vigo estaban inmersos nunha complexa negociación dos convenios colectivos. Pasaron as semanas. As conversas elevaron a tensión social e laboral latente nos centros de traballo, nun contexto de privación de liberdades no que a folga, a asemblea ou o sindicalismo obreiro eran penados con cárcere. En maio, no estaleiro Hijos de J. Barreras producíronse paros en defensa dos dereitos dos traballadores, que recibiron o apoio de compañeiros e compañeiras doutras factorías viguesas. Se practicaron detencións e a empresa impuxo sancións de emprego e soldo. A mobilización conseguiu a súa anulación. Vigo estaba preparada.

O 9 de setembro de 1972, sábado, a fábrica de Citroën rexistrou un paro parcial.

A causa?
A demanda dunha xornada de 44 horas semanais.

A resposta?
Cinco traballadores despedidos e catro expedientados.
Así comezou un conflito que poría a Vigo nos mapas da historia.



9 DE SETEMBRO

"CINCO TRABALLADORES, INVITADOS A ABANDONAR A FACTORÍA"

Baixo a espada de Damocles da censura franquista, a información publicada polos xornais sobre os paros e a posterior folga xeral en Vigo foi evidentemente escasa. "Paro parcial en 'Citroën España'", publicou La Voz de Galicia o 10 de setembro, acompañado do seguinte subtítulo: "Cinco traballadores, invitados a abandonar a factoría". Neste escenario, os folletos e as publicacións clandestinas cobrarían singular relevancia na difusión das protestas.

Días antes do paro, o mércores 6 de setembro, os principais dirixentes da tamén clandestina Comisión Obreira da fábrica acordaron proseguir as accións para conseguir a súa principal reclamación laboral: reducir a xornada semanal de 48 a 44 horas, o que na práctica supuña librar as tardes dos sábados.

Esta reivindicación viña de atrás. Formaba parte da proposta para o convenio colectivo trasladada meses antes, segundo informaba La Voz de Galicia. Pola súa banda, Vigo Obreiro, o xornal que subrepticamente editaban e distribuían as Comisións Obreiras de Vigo, apuntaba no seu número de setembro ao "gran descontento" existente na factoría "por ter que traballar os sábados pola tarde, cando os demais sectores do traballo como albaneis, carpinteiros, comercio do metal, confección, salóns de peiteado (...) fan o 'sábado inglés'", segundo lle chamaban.

O propio texto adiantaba xa que "se veñen observando pequenos e illados brotes de loita" en Citroën Vigo: "Esperamos que callen definitivamente e se consiga a xornada laboral para todos os traballadores de Citroën, que non somos menos que os demais traballadores de Vigo e incluso de España", concluía.

Efectivamente, a actividade reivindicativa continuaría na planta de Balaídos de Citroën, que contaba cuns 4.500 empregados. Seguindo o acordado o mércores anterior, a seguinte acción de protesta se celebraría o 9 de setembro. Aquel sábado, o persoal levou a cabo un paro parcial e limitado na actividade da planta. A resposta non se fixo esperar: cinco traballadores foron despedidos e outros catro, expedientados.

O DÍA DA SOLIDARIEDADE

As cinco cartas de despido e os expedientes laborais abertos a outros catro empregados da factoría polo paro parcial do sábado 9 de setembro non conseguiron silenciar as protestas. Ao contrario, a drástica resposta relanzou a solidariedade e a unidade viguesa en defensa dos traballadores sancionados.

O luns, 11 de setembro, a fábrica abría de novo as súas portas ás seis da mañá, como era costume. Pola contra, a maquinaria non chegaría a entrar en funcionamento. Ás 05:15 horas, corenta e cinco minutos antes do inicio da quenda de mañá, os traballadores de Citroën, reunidos en asemblea ante a planta de Balaídos, decidiron que non se incorporarían aos seus postos namentres persistiran os despidos.

O persoal concentrouse diante da entrada principal e trasladou a súa demanda á empresa. Esta alegou que non dialogaría en tanto estivera presente na negociación un dos traballadores sancionados, posición que mantivo ao longo de todo o luns e días sucesivos. Os obreiros sostiveron con firmeza a súa premisa: volverían ao traballo cando se readmitise aos despedidos.

A información do parte policial, desvelada moito despois, revelou que “o día 11 non entraron a traballar uns 4.000 homes das tres quendas, facéndoo unha escasa minoría de 250. A empresa, ante o cariz dos acontecementos, se viu precisada a pechar a fábrica”.

Posteriormente, piquetes informativos desprazáronse a outros centros de actividade da cidade de Vigo para tratar de sumar apoios ao paro en Citroën. A solidariedade non tardou en estenderse pola industria viguesa e ese mesmo luns se rexistraron interrupcións da actividade en distintas fábricas da urbe, principalmente estaleiros como Hijos de J. Barreras, Santo Domingo e Vulcano, entre outras.

Nun só día, o que amenceu como un conflito laboral nunha única empresa derivou nunha mobilización solidaria que implicou a varias fábricas de distintas áreas de actividade económica.

**A LOITA VIGUESA POLOS DEREITOS
E AS LIBERDADES COMEZABA
A TRANSCENDER O ESTRITAMENTE
LABORAL PARA CONVERTERSE
NUNHA REIVINDICACIÓN
SOCIAL E POLÍTICA.**

11 DE SETEMBRO



12 E 13 DE SETEMBRO

A TOMA DAS RÚAS

Vigo intensificou a súa acción de protesta e solidariedade. Ademais de en Citroën, o martes 12 de setembro a actividade cesou por completo en Barreras e Vulcano e os paros continuaron noutros estaleiros, caso de Santo Domingo ou Astilleros y Construcciones Yarza, entre outros.

A mobilización polas liberdades conseguiu involucrar a outras industrias e outros territorios. O metal, a goma ou a cerámica implícanse de cheo, con paradas en Artiscar, Forjas del Miñor (na Ramallosa), Reyman (localizada en Coia) e tamén a cargo das traballadoras da planta de Álvarez, en Cabral.

A policía franquista preparou o seu desembarco na cidade. A marcha polos dereitos se estendía cada vez máis, miles de folletos aparecían cada mañá nos centros de traballo chamando á folga xeral, obreiros e obreiras de todas as fábricas celebraban asembleas nas rúas -recordemos, ilegais-. A ditadura temeu que as revoltas democráticas se espallasen por outras cidades galegas e españolas. “Era evidente desde o primeiro momento”, detallaría logo o informe policial, “que o conflito tiña carácter político, que as masas, en gran maioría, estaban totalmente politizadas e manexadas desde arriba polas organizacións clandestinas”. Achegábase a Vigo un dispositivo “amplo e extenso” de forzas especiais para tratar de “desenmascarar aos promotores da axitación”.

O mércores, 13 de setembro, producíronse os primeiros “choques” -en verbas de Faro de Vigo- entre manifestantes e forzas de seguridade. A primeira hora da mañá, a policía do réxime cargou contra o persoal concentrado ás portas de Citroën, empregándose con violencia. Os “produtores”, facendo uso da terminoloxía franquista, defendéronse con pedras.

Os continxentes da Forza Pública -“forzas represivas chegadas de toda España”, anotaba Vigo Obreiro- conseguiron disolver a concentración de Balaídos e efectuaron varias detencións. A marcha emprendeu outros camiños e tomou as rúas de Vigo. As fábricas de Barreras, Vulcano, Refrey, Freire e Santo Domingo pecharon de forma indefinida; Álvarez e Astiscar tamén celebraron paros puntuais. Milleiros secundan xa o paro.

As protestas acabaron converténdose nunha manifestación espontánea que percorreu boa parte da cidade. Os xornais documentan o paso dos traballadores e traballadoras pola zona dos Caños, Praza de España, Pizarro, os Choróns, a Porta do Sol e a Praza da División Azul, hoxe a Praza do Rei e parte do antigo campo de Granada. Foron desaloxados e desaloxadas con brutalidade. En plena ditadura, Vigo clamaba a viva voz polos seus dereitos e liberdades.

ULTIMANDO A FOLGA XERAL

A finais da primeira semana de mobilizacións, Vigo afanábase por engrosar a masa social que secundase as protestas. Os traballadores e traballadoras buscaban abrir o campo de acción e que outros sectores de actividade participasen na demanda democrática promovida desde a industria viguesa.

E CUN OBXECTIVO PRIORITARIO NO HORIZONTE: A FOLGA XERAL.

O xoves, 14 de setembro, un mínimo de 16.000 persoas traballadoras da industria e da construción pararon, obrigando ao cese da actividade nunha vintena de empresas. Vigo continuaba sitiada polas forzas de seguridade e a tensión era “enorme na rúa”, segundo relataba Comisións Obreiras na súa publicación clandestina. Os operarios e operarias da industria viguesa, valéndose dos panfletos distribuídos cada mañá ante as principais factorías, chamaban a soste unha folga xeral os días 15 e 16 de setembro.

Pola súa banda, o inxente operativo da policía franquista buscaba reprimir e evitar as reunións e concentracións pacíficas e, en segundo lugar, descabezar “o aparato de propaganda”. Así, os axentes da Forza Pública efectuaron “a detención dun gran número de axitadores” en Vigo e atoparon un faiado cunha “multicopista eléctrica preparada para nova edición, incitando á folga xeral”.

O parte policial aseguraba que estes achados evidenciaban que a revolta viguesa “desde a súa orixe tiña un matiz político tendente a subverter a orde (...), paralizar a vida laboral e provocar a revolución violenta mediante a folga xeral”. No seu relato, incluso manifestaron ter encontrado “ferramentas e útiles para a fabricación de explosivos” e “instrucións” para a súa “colocación en centros neuráxicos da cidade”. A policía armada argumentaba así a súa acción represora en Vigo, desenmascarando un suposto “plan terrorista revolucionario das organizacións políticas clandestinas que provocaran os feitos”.



PARO TOTAL NA INDUSTRIA

O venres e o sábado, a paralización nas fábricas xa foi total. O chamamento á folga xeral resultou completamente secundado nos centros de traballo da industria viguesa. Coa súa acción, milleiros de traballadores e traballadoras detiveron a actividade de dúcias de empresas, en loita polos seus dereitos e liberdades.

Aínda que non toda a cidade parou, si se lograron importantes apoios. Boa parte do comercio pechou e os empregados de banca redactaron un escrito de

**“SOLIDARIEDADE E SIMPATÍA
COS OBREIROS DE CITROËN, QUE BUSCAN,
IGUAL QUE A XENERALIDADE DOS TRABALLADORES,
UN MUNDO MÁIS XUSTO”.**

O texto foi remitido ás autoridades sindicais (a Organización Sindical Española, comunmente coñecida como o sindicato vertical, única central autorizada durante a ditadura e disolta en 1977 logo da morte de Franco). “Os conflitos –afirmaba o texto, recollido por La Voz de Galicia– os orixinan tanto os obreiros coma os patróns, mais o castigo é sempre para os obreiros”.

Máis significativos foron os paros no Vitrasa, a concesionaria do transporte urbano colectivo na cidade. Está documentada a afección da folga á normal circulación dos autobuses, con vehículos que non chegaron a saír das cabeceiras, como en Pereiró, Chapela ou Bouzas, e outros que o fixeron da man da forzas policiais.

Os rotativos, novamente baixo a ataduras da censura franquista, relataron eses días unicamente supostas “ameazas” ao persoal de Vitrasa. El Pueblo Gallego escribiu que os autobuses pararon durante dúas horas o venres, 15 de setembro. Mentres, Vigo Obreiro, o xornal das Comisións Obreiras, recolleu que os condutores “foron obrigados pola Garda Civil, metralleta en man, a funcionar”. A custodia policial prolongaríase ata o 26 de setembro, “cos autobuses funcionando cos gardas civís ao lado do chofer e protexidos por coches da policía armada”.

O sábado 16 de setembro proseguiu o paro e as mobilizacións. Na rúa, os traballadores e traballadoras manifestáronse brevemente na Porta do Sol ata que se presentaron os efectivos da Forza Pública. A Garda Civil tamén impediu o intento de celebración dunha asemblea no monte da Madroa, detendo a trinta persoas, das que vinte dúas estaban xogando un partido de fútbol.

A FOLGA CONTINUÁ

O luns, logo de sete días de paros continuados, a mobilización entrou na súa segunda semana sen apenas variacións. Algunhas empresas retornaron á actividade, outras sumáronse á folga. O 18 de setembro, milleiros de traballadores e traballadoras mantiñan detida a industria de Vigo e da súa área.

AS RÚAS ATOPÁBANSE CADA VEZ MÁIS TOMADAS POLAS FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO.

O desembarco de efectivos non cesou e as accións preventivas e represivas gañaron peso na cidade, deixando cada vez menos espazo para a celebración de asembleas e manifestacións. Namentres, a “Organización de traballadores libres de Vigo”, composta por persoal afín ao sindicato vertical, distribuíu folletos co obxectivo de dividir aos manifestantes, tratando de desautorizar a mobilización e animando aos seus compañeiros e compañeiras a volver aos seus postos. A engrenaxe da maquinaria estatal rodaba con cada vez máis forza.

Froito do cerco policial, na tarde do luns, 18 de setembro, produciuse un incidente en terreo portuario vigués. Un grupo de traballadores e traballadoras agardaba o ataque dunha embarcación que devolvía a Vigo a operarios dunha empresa de Meira (Moaña), que non secundaron a folga. Alí desatouse un “forte enfrontamento dos obreiros coa policía armada e o inspector de Traballo”, segundo recolle Vigo Obreiro, “resultando un coche da policía social esnaquizado e varios policías sociais feridos e facendo disparos ao aire”. A actuación policial saldouse con varios detidos.

A situación de paro xeral na industria viguesa non mudaría tampouco ao día seguinte, o martes 19 de setembro, mais si o faría o horizonte temporal da folga. As conversas encamiñadas a solucionar o conflito laboral en Citroën -acordo do que dependería en última instancia a recuperación da actividade no resto do tecido industrial vigués- non avanzaban e se mantiñan as posicións iniciais: a empresa non comprometía a readmisión dos despedidos.

Nesta situación, os patróns decidiron reunirse e lanzar un ultimato:

“1 - Facer un último chamamento aos traballadores, invitándolles a retomar o seu traballo, coa debida normalidade e continuidade, o próximo xoves, día 21, nos horarios habituais.

2 - Nos casos de non incorporación aos postos de traballo nas citadas condicións, as empresas se reservan a adopción das medidas que a lexislación vixente lles concede.”



20 E 21 DE SETEMBRO

RESISTENCIA E REPRESIÓN

Décimo día consecutivo de paro en Vigo e na súa comarca e os traballadores e traballadoras mantíñanse firmes na súa reivindicación, a mesma desde o 9 de setembro: non se retomaría a actividade ata que foran readmitidos todos os despedidos. O mércores 20, véspera da data marcada polos empresarios para a volta ao traballo baixo ameaza de ceses masivas, as factorías permanecían inactivas pola acción solidaria de milleiros de vigueses e viguesas, concienciados na loita polos dereitos e a conquista das liberdades.

Vigo estaba xa sitiada por completo pola policía franquista. O rural vigués -moi superior ao de hoxe en día, ao contar Vigo no 1972 cuns 200.000 habitantes polos case 300.000 actuais- estaba tomado polas forzas de orde público da ditadura. As opcións de celebrar reunións e asembleas na cidade volvéronse practicamente nulas, limitando notablemente a capacidade de decisión e organización dos milleiros de manifestantes aínda mobilizados.

Pese á cada vez maior represión e ao ultimato patronal, as fábricas permaneceron pechadas na mañá do xoves, 21 de setembro. Décimo primeira xornada de folga e unha vez máis, milleiros de homes e mulleres desafiaban ao franquismo, sostiñan o pulso e continuaban manifestándose, en moitos casos a costa de ser detidos.

E DERON UN PASO MÁIS

Contra as doce do mediodía, centos de traballadores e traballadoras -ata 1.500, segundo Vigo Obreiro- tomaron a sede do sindicato vertical, celebraron unha asemblea e se reafirmaron en non retornar aos seus postos mentres non fosen anulados os despedidos.

**OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS
RESISTÍAN, A LOITA CONTINUABA
E AS EMPRESAS NON DUBIDARÍAN
EN EXECUTAR A SÚA AMEAZA.**

• OS DEREITOS CONQUÍSTANSE E DEFÉNDENSE •

OS ÚLTIMOS DÍAS DA FOLGA

Ante o plante laboral, que proseguía e se aproximaba xa ás dúas semanas, a patronal cumpriu coas súas advertencias e o venres 22 de setembro comezou a remitir cartas de despido a todos e todas aqueles que non se presentaran no seu posto de traballo.

SEGUNDO ANOTARON OS XORNAIS, AS COMPAÑÍAS ENVIARON MÁIS DE 6.000 ESCRITOS DE CESE.

O local do sindicato vertical acollería na mañá do venres 22 outra reunión entre os representantes das e dos traballadores e a dirección de Citroën. Ás 11 horas se concentraron ante o inmobile centos de persoas, agardando noticias. Dada a afluencia de xente, se congregou un “considerable número de forza armada”, explicou La Voz de Galicia, e o edificio sindical pechou as súas portas.

Non houbo acordo. A dirección negouse a abordar a situación dos despedidos namentres non se recuperase a normalidade na fábrica. Levantouse a sesión. O contido da reunión foi trasladado ao persoal mobilizado nas factorías e emprazouse a celebrar unha nova asemblea ás seis e media da tarde. Contra as seis, centos de manifestantes camiñaban en dirección á sede sindical, que se atopaba chea de traballadores, mais a policía franquista xa pechara todos os accesos. Igualmente quedaron concentrados nos arredores.

Unha hora despois remataba a asemblea cun pronunciamento unha vez máis rotundo: “Non volveremos ao traballo mentres haxa despedidos”. Minutos despois, centos de manifestantes prolongaron a protesta pola rúa do Príncipe berrando gritos de “Liberdade” e “Non aos despedimentos”, mais se disolveron pouco antes da chegada dos efectivos da Garda Civil e da policía do réxime.

Ao día seguinte, sábado 23 de setembro, continuou o paro nas principais industrias da cidade. Os axentes armados cercaron os camiños á sede do sindicato vertical, que ademais mantivo pechadas as súas portas. As forzas de orde público cargaron “con brutalidade” sobre os alí concentrados, detallou Vigo Obreiro, “tratando de impoñer o terror”.

A REPRESIÓN POLICIAL INCREMENTOUSE SEVERAMENTE: “ÁS ONCE DA MAÑÁ XA NON SE PODE ANDAR POLO CENTRO DE VIGO”.

22 E 23 DE SETEMBRO

A VOLTA Á ACTIVIDADE

CO INICIO DA TERCEIRA SEMANA, O MOVEMENTO OBREIRO EN VIGO PADECÍA AS CONSECUENCIAS DA CRUELDADE DA REPRESIÓN E COMEZOU A REPREGARSE.

O luns, 25 de setembro, o local do sindicato vertical permanecía pechado e as forzas de seguridade da ditadura tiñan tomado os accesos ás fábricas e sitiado tanto o casco urbano vigués como as zonas rurais, facendo imposible a celebración das asembleas. As manifestacións decaeron, os encarcerados e detidos se contaban por ducias e os despedidos polas empresas, por milleiros.

As cartas de despido enviadas -máis de seis mil- incorporaban o procedemento para solicitar a readmisión, sempre e cando se retornase ao posto de traballo o martes 26 de setembro como data límite. Un novo ultimato; de non facelo, os ceses non terían volta atrás. Entre o desconcerto e a opresión crecente, parte dos traballadores e traballadoras empezaron a entrar paulatinamente nas factorías. Só o estaleiro Vulcano parou por completo aquel luns.

Pero non todos recibiron a opción de incorporarse ao seu emprego. Non existiu boletín de reingreso para centos de vigueses e vi-

guesas, aqueles que foran despedidos inicialmente e os que integraron o núcleo organizador da folga nas empresas.

O martes, 26 de setembro, reiniciouse a actividade industrial en Vigo e a súa comarca case que por completo. Un mínimo do 90% do persoal readmitido polas empresas traballou e os estaleiros, o automóbil, o metal e a construción da cidade retomaron a produción. As poucas asembleas que se puideron celebrar -foi o caso de Vulcano- recomendaron a volta ao traballo á vista de que non se podería continuar coa loita no resto das factorías.

A gran folga xeral de Vigo finalizou, dúas semanas despois. Continuaron os desprezques policiais, as multas, os arrestos, a cárcere e as torturas; continuou tamén un longo e penoso proceso para tratar de conseguir o máximo de readmisións posibles nas empresas. Mais igualmente se logrou mellorar as condicións laborais nos convenios colectivos que se negociaron con posterioridade e se mantivo, e ata a fin da ditadura, a conciencia solidaria e democrática, a necesidade de conquistar dereitos. En setembro de 1972, Vigo abriu unha gran vía de auga no franquismo.



A REPERCUSIÓN MEDIÁTICA: VIGO NA PRENSA NACIONAL E INTERNACIONAL

No marco do férreo control exercido pola ditadura sobre os medios de comunicación, a folga xeral de setembro de 1972 logrou superar as fronteiras e ocupar espazo tanto nas cabeceiras nacionais como internacionais. O nome de Vigo chegou ao papel en países como Arxentina, Francia, Estados Unidos ou Italia.

Os medios locais e galegos, atenzados pola censura, plasmaron cada día a marcha do conflito laboral, primando o punto de vista oficial: número de fábricas pechadas e de traballadores en folga, a evolución das negociacións, incidentes e detencións, consecuencias económicas para as empresas, etcétera.

No ámbito estatal, a mobilización viguesa chegou ás páxinas de cabeceiras como a revista Cambio 16, o semanario de información xeral e política Triunfo e a publicación cultural Cuadernos para el Diálogo, onde foi portada.

En 1972, para obter unha interpretación distinta da folga era preciso recorrer ás entidades sindicais e políticas organizadas na clandestinidade. Pasado de man e man, Vigo Obrero -lanzado polas Comisiones Obreras da cidade- buscou ao tempo mobilizar e ofrecer unha lectura social e democrática do conflito. Vinculadas ao Partido Comunista, A Voz do Pobo, Estrella Roja e Mundo Obrero levaron a Galicia e España un movemento que acadou o seu momento de franquismo.

A loita viguesa polos dereitos e liberdades tamén foi seguida no estranxeiro, en países con liberdade de prensa.

En Francia, Le Monde referiuse ás "manifestacións" en Vigo mentres que o Frente Libertario, publicado mensualmente en París

HELP
Needy Exiles
From Franco Spain
by sending a check to
SPANISH REFUGEE AID
60 East 11th Street
New York, 3, N. Y.

España Libre

ORGAN OF THE CONFEDERATED SPANISH SOCIETIES OF THE UNITED STATES
Vol. XXXIV NEW YORK, N. Y., SEPTEMBER-OCTOBER 1972 No. 5

DO YOUR GOOD DEED
FOR ESPAÑA LIBRE:
URGE A FRIEND
TO SUBSCRIBE

University Life Gravely Impaired

Rectors, Deputy Rectors, Deans and Professors Resing in Spain

The heads of Madrid's two big state universities have resigned to protest a Government order suspending their schools' autonomy. Both campuses were the scene of violence last January. The Government revoked their autonomy this summer during the vacation period and gave virtually total control to Education Minister José Villar Palasí and the Cabinet.

The newspaper *Informaciones* reported that José Benito Linares, director of the main campus, which has an enrollment of 50,000 students, had quit over the Government order. Linares' resignation came two days after that of Luis Sánchez Agesta, Rector of the "autonomous" university with 11,000 students on the capital's outskirts.

Informaciones said three deputy

Spain's Largest Strike of the Year Expands to 23 More Plants in Vigo

Workers Demonstrate in the Streets, Set Up Barricades and Clash With the Armed Police Sent by Franco's Totalitarian Government

Industrial Factories and Shipyards Join the "Citroen Hispania" Action

GENEVA, Sept. 12 (IMF).—Five thousand auto workers in Vigo went on strike on Monday, September 11, in protest against the dismissal of 5 of their colleagues from Citroen Hispania, the Spanish subsidiary of the French Citroen company. Many workers also demonstrated in the streets.

The strike began when 2000 workers refused to enter the plant demanding that 5 workers dismissed by management over a work stoppage the week before, also be readmitted. Workers in the shipyard of Barreiros Hermanos as well as those in the shoe factory of Reymann also struck in solidarity.

The workers' stoppage is over a claim for a four-hour reduction in working hours, which management refused. The working week in the plants is 45 hours. IMF has asked its French affiliates to organize a solidarity strike.

6,000 Men Fired

Vigo, Spain, Sept. 12 (UPI).—Spain's largest industrial strike in almost a year entered its third week today, publicists demonstrated and few prospects for a settlement.

Sources said that 2,000 men received dismissal notices yesterday on a holiday from employers in 23 strike-bound plants, bringing to 6,000 the number of men fired during two weeks of labor unrest in Vigo's industrial belt.

(From the Daily News, New York's *Chambers and Arista*)

BUSSELLE, Sept. 10 (UPI).—Although strike pay forbidden in Spain and the workers who take

Spain: Crisis After Franco

The transition to a regime that has ruled Spain for 34 years involves rival forces ranging from extreme left to far right: the "old guard" of Franco supporters still in office, monarchists, the Roman Catholic Church and disgruntled groups of workers, college students and intellectuals.

The Common Market as well as most NATO governments have made it clear they will reject the membership of a country they view as non-democratic. A rebuff by Spain's neighbors, in turn could push the country back into the isolation it is now trying to escape.

"We are all of us preparing the way for a stiff-necked Spain," is how one outspoken editor sees the future. The more optimistic believe Spain—as a university professor phrased it—"is on the eve of great changes."

But the most militant find any imminent threat to Franco himself. In the first place, the regime has all the guns: the 60,000-man Guardia Civil—an elite police unit—and the 300,000-man armed forces.

IFM Protest Against This New Denial of Basic Human Rights

On learning the news of the strikes at the Spanish industry of Citroen, IFM alerted the following telegram to the Spanish Minister of Labour and the Spanish Ambassador in Paris.

Geneva, 11 September, 1972

We are most indignant at the news, which has made a deep impression on us, from the industrial port of Vigo, where strong contingents of the Civil Guard and the armed police have been sent by the government in order to settle by violence and dozens of arrests, as was done a year ago at the neighbouring port of El Ferrol, the legitimate claims of workers at Citroen Hispania.

They are supported in solidarity by more than ten thousand workers at shipyards and other metal working establishments in their demands for more humane working hours and conditions, as well as the recognition of their fellow workers who have been arbitrarily dismissed.

The democratic unions belonging to the International Metalworkers Federation, which have eleven million members in the free world, protest with the utmost energy against this new violation of fundamental human rights and the brutal repression of workers in the free world to which it dates to Belgium.

Ivan Novak
General Secretary

Two Catalonians Sentenced

GENEVA, IMF.—The International Confederation of Free Trade Unions has expressed its deep concern at the news that two young Catalonians, Ramon Llobet and Carles Garcia, were sentenced to 20 and 20 years jail by a court martial in Barcelona.

In a cable addressed to the Spanish Minister of War, Juan Castaño Mesa, on 21 September, Otto Kersten, ICFTU General Secretary, declared that the summary trial, based on statements made under torture and denounced by Barcelona lawyers, was a violation of human rights and a denial of the rights of the defence.

U.S. Citizenship Required to Vote

If you are not yet an American citizen, now is a good time to begin. A 144-page handbook, explaining the requirements for naturalization and each step in the naturalization process and containing 134 sample questions and answers on American history and government may be obtained by filling in and mailing the following order form.

American Council for Nationalities Service
20 West 40 Street
New York, N.Y. 10018

Send me your 144-page handbook, "How to Become a Citizen of the United States," for which I enclose my check for money order for \$2.00.

Name: _____ Zip: _____
Address: _____
City: _____ State: _____

Checks or money orders may be made payable to A.C.N.S. (This note has been received from the American Council for Nationalities Service).

Buy and Read—
"PURSUIT OF REASON"
by
HILLIARD BENSTEIN
Narrative of Home Spies. "A most irrational species," says the author. Spanish Civil War. Basque Radicals. Fantasy World of Home. A limited edition, \$3 post paid, autographed copies \$4.

ESPAÑA LIBRE
231 West 18 St., New York, N.Y. 10011

Threatened With Mass Dismissals the Workers Majority Continue the Strike

GENEVA, IMF.—About 4,000 workers employed in several factories at Vigo, North Western Spain, continued on 21 September for striking. They had stopped work in solidarity with the 2,000 workers of the Citroen-Hispania according to an expert's estimate.

In agriculture, as in industry, there is need to modernize, to make farms more productive. But action here, too, has been held back by Franco's refusal to crack down on feudal landowners who stand firmly behind him.

These and other problems, say many economists, point to this conclusion: There can be little real economic reform without basic changes in the political and social system as well. And without those changes, the economic miracle is in trouble.

Juan Carlos has no broad base of support in either camp.

As of now, say many Spanish economists, the political and social system is in a state of stagnation. It is seen falling to the Generalissimo's longtime assistant, Vice President Luis Carrero Blanco, 69, firmly behind him.

Taken together, the most hopeful forecast for Spain's future is that economic prosperity will permit slow and unviolent changes in political life. But that theory which is to be put to the test.

From: U.S. News & World Report

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

Police Kills Two Basques

UPI—Has been reported from Bilbao, Spain, that Spanish police men shot and killed two suspected members of a Basque separatist organization.

Police spokesmen said that a raid had been made on a house in Leizor, 31 miles from Bilbao, suspected of being used by the so-called Basque Homeland and Liberty Movement.

The incident is the latest in a series of bombings and shootings in the Basque region attributed by police officials to separatists.

"OS TRABALLADORES MANIFÉSTANSE NAS RÚAS, ALZAN BARRICADAS E ENFRÓNANSE Á POLICÍA ARMADA ENVIADA POLO GOBERNO TOTALITARIO DE FRANCO".

• OS DEREITOS CONQUÍSTANSE E DEFÉNDENSE •

EQUIPO DE ESTUDIOS (EDE)

EL CONFLICTO DE VIGO Y EL DESARROLLO DE GALICIA



AS CONSECUENCIAS DA GRAN FOLGA DE SETEMBRO DO 72

Durante dúas semanas, Vigo desafiou á ditadura franquista. A solidariedade e a mobilización na industria da comarca viguesa acendeu todas as alarmas do réxime. Madrid posou a súa mirada na cidade e activou a maquinaria represiva. Cargos do Goberno desprazáronse ata a urbe, que quedou sitiada por un potente dispositivo policial. A Brigada Político Social de Franco descargou a súa crueldade sobre os vigueses e viguesas.

A consecuencia da persecución, dirixentes sindicais víronse obrigados a pasar á clandestinidade e ao exilio, mentres que moitos outros foron capturados. O parte policial revelou que 87 homes e mulleres foron detidos e postos en mans da xustiza; outros 17, directamente a disposición do goberno franquista. O Tribunal de Orde Pública, creado pola ditadura para o que esta consideraba delitos políticos, encargouse de “xulgalos” e condenalos.

Boa parte das e dos detidos foron torturados en comisaría. Vigo Obreiro plasmou o narrado polas vítimas. “Consistían en estar facendo a prancha coas puntas dos dedos de pés e mans e, cando non podían seguir por esgotamento, eran golpeados en todo o corpo, especialmente nas partes xenitais e na cabeza. A continuación botábanlles un caldeiro de auga para facelos reaccionar, despois poñíanlles de pé cos brazos abertos nos que poñían un montón de libros e cando, por esgotamento, os deixaban caer, eran novamente golpeados en todo o corpo. Despois eran levados á cela e, ao cabo dunha hora, eran traídos de novo para ser interrogados e os facían, entre cinco membros da Brigada Político Social, xirar sobre si mesma ata caer ao chan. Unha vez no chan, os pisaban nas mans co tacón do zapato facéndoo xirar

sobre a man do caído. Tamén eran golpeados co canto dunha regra na cabeza, nas orellas e nas puntas dos dedos. Algúns foron arrastrados polos pelos e colgados polos pés outros”. Pese ás duras consecuencias, Vigo debilitou ao réxime en setembro do 72.

Vehículos blindados e policías armados patrullaron as rúas e prazas da cidade semanas despois da finalización da folga, mostra do alcance político desta, do seu éxito e do medo que a mobilización instaurou no franquismo.

No eido laboral, dos máis de 6.000 despedidos, centos de homes e mulleres nunca recuperaron o seu emprego. Os ceses sen readmisión despertaron unha onda de solidariedade contada por centos de miles de pesetas doadas por traballadores e traballadoras de Vigo, Galicia e España.

A folga viguesa foi seguida, exemplo para o resto das urbes do país. Supuxo o rexurdimento do sindicalismo democrático. Vigo ergueu un ánimo e unha conciencia social, a súa contribución foi esencial na consecución da liberdade e demostrou con feitos que os dereitos –tamén os que hoxe damos por sentados– conquístanse e deféndense.

**CONCELLO
DE VIGO**

